



Reclamante: [REDACTED], en representación [REDACTED]

[REDACTED])

Expediente. Nº **RSCTG 6/2022**

Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], en representación da [REDACTED], mediante escrito do 11 de xaneiro de 2022, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 22 de febreiro de 2022, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.** [REDACTED], en representación [REDACTED] [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 11 de xaneiro de 2022, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada unha solicitude de acceso presentada ante a Secretaría Xeral de Medios e Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia, de acceso aos documentos públicos sobre anticipos de caixa fixa das entidades públicas e da Xunta de Galicia.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude.

**Segundo.** Con data 14 de xaneiro de 2022 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á administración para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegaran informe e copia completa e ordenada do expediente

**Terceiro.** Con data do 17 de xaneiro de 2022 recibíuse escrito da entidade reclamante no que comunica que se ben fóra de prazo, se lle notificou resolución que dá resposta á súa solicitude, polo que da por respondida a mesma.

**Cuarto.** Con data do 2 de febreiro de 2022, a Secretaría Xeral de Medios remite copia do expediente tramitado e informe sobre a solicitude de acceso á información presentado.

No informe, en resumo, faise constar que con data do 17 de xaneiro de 2022, ditouse resolución na que se admite a solicitude e se concede ao interesado acceso á información, comunicándolle que no ámbito da Secretaría xeral de Medios non está implantado o sistema de anticipo de caixa fixa polo non existe ningunha información que trasladar.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter

potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

### **Cuarto. Análise do expediente**

O artigo 94.4 da Lei 39/2015, establece que a Administración aceptará de plano a desistencia, e declarará concluído o procedemento salvo que, persoándose no mesmo terceiros interesados instasen estes a súa continuación no prazo de dez días dende que foran notificados.

No presente caso, o interesado comunica a esta Comisión que recibiu, aínda que fóra de prazo, a resposta a súa solicitude de acceso á información presentada, dándose por satisfeito coa mesma, polo que, non constando no mesmo terceiros interesados cuxos dereitos ou intereses poidan resultar afectados, procede o arquivo da reclamación presentada.

De acordo co anterior, a Comisión da Transparencia

## **ACORDA**

**Único:** Aceptar a desistencia e declarar concluso o procedemento.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA  
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)  
Fecha: 2022.02.24 11:18:50 +01'00'

M<sup>a</sup> Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia**